



CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 27 de xuño do 2024, ás 11:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeira municipal, para a licitación 2024/CONTRAT/000064
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.
 - D. Iván López Cruz, Oficial da Policía Local; para a licitación nº 2024/CONTRAT/000066
- **Non asiste:**
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Xefe do Servizo de Interior; nin tampouco a súa suplente D^a Susana Miranda Fernández, asesora xurídica.

Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

ORDE DO DÍA

1.- 2024/CONTRAT/000064: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA OS GALGOS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

2.- 2024/CONTRAT/000065: PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

3.- 2024/CONTRAT/000066: SUBMINISTRACIÓN DE DEZ CHALECOS ANTIBALAS PARA A POLICÍA LOCAL

Acto ⁽¹⁾ de:

- Apertura dos sobres únicos (documentación administrativa e proposición)
- Valoración, se procede, dos criterios de adxudicación.
- Proposta de adxudicación, se procede.

⁽¹⁾ A apertura da documentación administrativa levarase a cabo en acto non público e a apertura da proposición en acto público.





1.- 2024/CONTRAT/000064: PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA OS GALGOS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002617, de 21 de maio do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA OS GALGOS".

O importe de licitación é de 25.168,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (5.285,39 €), o que supón un importe de 30.453,89 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 21 de maio do 2024.

Rematado o día 17 de xuño do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

| Nome da empresa | Nº Identificación | Data e hora de presentación de oferta |
|--------------------------------|-------------------|---------------------------------------|
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | B15072713 | 17/06/2024 10:41:25 |

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 20 de xuño do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado "Documentación administrativa" e acordou admitir a única empresa presentada a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa", o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 25 de xuño do 2024 pola enxeñeira municipal, D^a Isabel M^a Freire Ramos.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado "Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior".

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

| NOME DA EMPRESA | PROGRAMA DE TRABAJO |
|--------------------------------|---------------------|
| CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | 48,00 / 50,00 |





A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

| CRITERIO | | LÓPEZ CAO |
|---|------------|--|
| Oferta económica | Importe | 25.000,00 € (30.250,00 € IVE incl.) |
| | Puntos | 0,94 / 30,00 |
| Incremento do prazo de garantía | Anos | + 4 anos |
| | Puntos | 5,00 / 5,00 |
| Mellora 1: Incremento prestación MBQ | Si / Non | Si |
| | Puntos | 3,00 / 3,00 |
| Mellora 2: Incremento do espesor da capa de formigón bituminoso | Incremento | 1 cm. |
| | Puntos | 7,00 / 7,00 |
| Mellora 3: Redución prazo presentación Plan Seguridade e Saúde | Si/ Non | Presentación en 1 semana |
| | Puntos | 5,00 / 5,00 |
| PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE 3 | | 20,94 / 50,00 |

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

| POSIC. | EMPRESA | NIF | Sobre 2 | Sobre 3 | TOTAL |
|--------|--------------------------------|-----------|---------------|---------------|----------------|
| 1 | CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. | B15072713 | 48,00 / 50,00 | 20,94 / 50,00 | 68,94 / 100,00 |

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de obra denominado "PAVIMENTACIÓN DUN TRAMO DA RÚA OS GALGOS" a empresa CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L. (B15072713) por un importe de 25.000,00 € (30.250,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





2.- 2024/CONTRAT/000065: PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL DE USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003041, de 6 de xuño do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da subministración denominada “PLATAFORMA DE XESTIÓN INTEGRAL E USUARIOS DE SERVIZOS SOCIAIS”.

O importe de licitación é de 80.165,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (16.834,65 €), o que supón un importe de 96.999,65 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de xuño do 2024, e unha posterior rectificación publicada o día 11 de xuño do 2024.

Rematado o día 25 de xuño do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

| Nome da empresa | Nº Identificación | Data e hora de presentación de oferta |
|-------------------------|-------------------|---------------------------------------|
| IMATIA INNOVATION, S.L. | B36499960 | 21/06/2024 10:51:00 |

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido | Documento no que figura | IMATIA |
|---|--|--------------------|
| Autorizacións e declaracións | Datos do licitador a efectos de notificación electrónica | Anexo IV Cumpre |
| | Autorizacións para a consulta de datos | Anexo IV Cumpre |
| | Pertenza ou non a grupo de empresas | Anexo IV Cumpre |
| | Compromiso de constitución de UTE | Anexo IV Cumpre |
| | Datos de subcontratación | Anexo IV Cumpre |
| Capacidade de obrar | DEUC | Cumpre |
| Cumprimento coas obrigas tributarias | DEUC | Cumpre |
| Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social | DEUC | Cumpre |
| Non estar incurso en incompatibilidades | DEUC | Cumpre |
| Non prohibición de contratar | DEUC | Cumpre |
| Declaración de sometemento á lexislación española | DEUC | Cumpre |
| Solvencia técnica | DEUC | Cumpre |
| Solvencia económica | DEUC | Cumpre |

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa”. Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XIII do PCAP; é dicir: proposta técnica, implantación do proxecto, equipo de traballo, garantía e mantemento e plan de formación.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.





3.- 2024/CONTRAT/000066: SUBMINISTRACIÓN DE DEZ CHALECOS ANTIBALAS PARA A POLICÍA LOCAL

Por Decreto da Alcaldía nº 2024002965, de 3 de xuño do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación da subministración denominada “SUBMINISTRACIÓN DE DEZ CHALECOS ANTIBALAS PARA A POLICÍA LOCAL”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de un ano, é de 8.760,00 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (1.839,60 €), o que supón un importe de 10.599,60 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 6 de xuño 2024

Rematado o día 20 de xuño do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

| Nome da empresa | Nº Identificación | Data e hora de presentación de oferta |
|------------------------------|-------------------|---------------------------------------|
| ARMERIA DEL CARMEN SL | B02825081 | 20/06/2024 13:13:32 |
| DOTACION Y EQUIPAMIENTO S.L. | B82028168 | 20/06/2024 13:31:33 |
| EL CORTE INGLES, S.A. | A28017895 | 19/06/2024 17:10:23 |
| PEYCAR PONTEVEDRA,S.L. | B36112043 | 19/06/2024 16:33:33 |
| RICARSAT S.L. | B15902497 | 20/06/2024 09:28:05 |
| SEPYMEDICAL, SL | B36484822 | 20/06/2024 20:19:02 |

De seguido, a Mesa procede á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, en acto non público, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

| Contido | Documento no que figura | ARMERÍA DEL CARMEN | DOTACIÓN Y EQUIPAMIENTO | EL CORTE INGLÉS | PEYCAR | RICARSAT | SEPYMEDICAL |
|------------------------------|--|--------------------|-------------------------|-----------------|--------|----------|-------------|
| Autorizacións e declaracións | Datos do licitador a efectos de notificación electrónica Anexo IV | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |





| | | | | | | | | |
|---|--|----------|--------|--------|--------|--------|--------|--------|
| | Autorizacións para a consulta de datos | Anexo IV | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| | Pertenza ou non a grupo de empresas | Anexo IV | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| | Compromiso de constitución de UTE | Anexo IV | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| | Datos de subcontratación | Anexo IV | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Capacidade de obrar | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Cumprimento coas obrigas tributarias | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Non estar incurso en incompatibilidades | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Non prohibición de contratar | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Declaración de sometemento á lexislación española | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Solvenza técnica | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |
| Solvenza económica | | DEUC | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre | Cumpre |

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

No que se refire á proposición presentada por cada un dos licitadores, a Mesa de Contratación procede en primeiro lugar a examinar a documentación técnica presentada por cada empresa para comprobar que cumpre cos requisitos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas.

E a Mesa de Contratación, vista a documentación técnica presentada por cada empresa ao respecto, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

SEGUNDO.- Que se remita esta documentación aos servizos técnicos municipais aos efectos de comprobar se as características dos produtos ofertados cumpren cos requisitos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas.

TERCEIRO.- Suspender este acto da Mesa; autoconvocándose para mañá, 28 de xuño do 2024, ás 9:00 horas, a efectos de, á vista do informe que se emita, continuar co ditame deste asunto.

Ás 9:00 horas do día 28 de xuño do 2024, reiníciase a Mesa de Contratación para os efectos de continuar co ditame da licitación 2024/CONTRAT/000066 denominado "Subministración de dez chalecos antibalas para a Policía Local".

Asisten:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D^a M^a Pilar Cela Álvarez, Secretaria Accidental do Concello
 - D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. José Manuel Díaz García, administrativo da área de Contratación
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.
 - D. Iván López Cruz, Oficial da Policía Local.

Os servizos técnicos municipais emitiron o informe técnico solicitado, asinado o día 27 de xuño do 2024 polo Oficial da Policía Local 182055.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do mesmo e continuara, se é o caso, coa apertura e valoración das proposicións económicas presentadas.

Así, neste intre, procédese a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto. Neste informe - que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, os servizos técnicos conclúen que determinadas empresas non cumpren cos requisitos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas para estas prendas:

“.../...”

ARMERIA DEL CARMEN:

Las condiciones técnicas del chaleco antibalas aportadas por esta empresa no cumple con el grosor del panel balístico, puesto que es de 9 mm.

DOTACIÓN Y EQUIPACIÓN:

Las condiciones técnicas del chaleco antibalas aportadas por esta empresa no cumple con el grosor del panel balístico, puesto que es de 7 mm. Tampoco cumple con el novel de protección “anticuchillo antipicado”, de tipo SIG, que es de 20 Julios.

EL CORTE INGLES:

Las condiciones técnicas del chaleco antibalas aportadas por esta empresa no cumple con el grosor del panel balístico, puesto que es de 7 mm.

PEYCAR:

Las condiciones técnicas del chaleco antibalas aportadas por esta empresa no cumple con el grosor del panel balístico,





posto que es de 8 mm.

RICARSAT:

Las condiciones técnicas del chaleco antibalas aportadas por esta empresa no cumple con el grosor del panel balístico, puesto que es de 7 mm. Tampoco cumple con el nivel de protección "anticuchillo antipicado", de tipo SIG, que es inferior a 24 Julios, se encuentra entre unos parámetros superiores a 20 Julios e inferiores a 24 Julios.

.../..."

En consecuencia, tendo en conta o informe técnico emitido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Excluir desta licitación ás seguintes empresas por non cumprir cos requisitos técnicos establecidos no prego de prescricións técnicas para estas prendas:

- ARMERIA DEL CARMEN S.L. (B02825081)
- DOTACION Y EQUIPAMIENTO S.L. (B82028168)
- EL CORTE INGLES, S.A. (A28017895)
- PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. (B36112043)
- RICARSAT S.L. (B15902497)

SEGUNDO.- Admitir ás restantes empresas a esta licitación.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas, resultando:

| CRITERIO | | SEPYMEDICAL |
|-------------------------------|---------|-------------------------------------|
| Oferta económica | Importe | 8.500,00 € (10.285,00 €, co IVE) |
| | Puntos | 13,86 / 100 |
| Puntuación Total Único | | 13,86 / 100 |

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

| POSIC. | EMPRESA | NIF | TOTAL |
|--------|-----------------|-----------|-------------|
| 1 | SEPYMEDICAL, SL | B36484822 | 13,86 / 100 |

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:





**CONCELLO DE
OLEIROS**

**> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio**

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

SEGUNDO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de subministración denominado “SUBMINISTRACIÓN DE DEZ CHALECOS ANTIBALAS PARA A POLICÍA LOCAL” á empresa “SEPYMEDICAL, SL” (B36484822) por un importe de 8.500,00 € (10.285,00 € IVE incl.); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don José Manuel Díaz García, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

